



ARTELLANDO

/// /// /// NAS FESTAS DA ASCENSIÓN 2019

DO 29 DE MAIO AO 02 DE XUÑO /// /// ///

**PRO
GRA
MA
CIÓN 2019**

ARTELLANDO NO VERMÚ

PRAZA CERVANTES

XOVES 30

12.30h | **MARTIÑA SOÑADORA** | Concerto infantil

13.00h | **BRASSICA RAPA** |

VENRES 31

13.00h | **ZELTIA** | 'IreVire'

SÁBADO 01

13.00h | **XOANA** | 'Dardos'

DOMINGO 02

12.30h | **SIRA E O ROBOT** | Concerto infantil

13.00h | **CHICHARRÓN** | 'Cancións clínicas'





MARTIÑA SOÑADORA / Concerto infantil

XOVES 30 / 12.30H / Praza de Cervantes

Martiña soñadora son Sabela King á voz e ukelele e Carlos Gil Fandiño ao piano e voz. É unha formación recente que naceu para o desfrute dos nenos e nenas dunha música composta especialmente para el@s. Con 'Martiña soñadora' bailarán, aprenderán das músicas e gozarán de cancións con ritmos brasileiros, portugueses, do rock and roll e mesmo do blues con fermosas letras en galego, e incluso en francés. Todas as cancións son orixinais do grupo. Sabela King forma parte de outras propostas para público infantil e familiar como é o caso de Bailabanda e A Pequena e grande orquestra, e Carlos Gil conta tamén con unha ampla experiencia na música para cativos e cativas, forma parte de grupos como OViravai entre outros. Xuntos exploran estilos e ritmos que sen dúbida farán gozar ao público infantil e familiar.



BRASSICA RAPA

XOVES 30 / 13H / Praza de Cervantes

Brassica Rapa ofrecen un espectáculo moi variado que mestura música instrumental e vogal coa multipercusión. O seu repertorio vai de grandes éxitos do pop á música tradicional galega, pasando por temas máis jazz, música actual reivindicativa ou bandas sonoras de películas. Buscan sobre todo influencias das "brass band" neorquinas, pero tamén das "big bands" ou das charangas tradicionais. As compoñentes veñen de distintos percorridos dentro do mundo da música, e de agrupacións coma Liska!, Banda Xangai, Timparrantela ou Biribirlocke.

ZELTIA / 'IreVire'
VENRES 31 / 13H / Praza de Cervantes

Compositora e artista multidisciplinar, Zeltia ten na súa vida un tema claro: "A Natureza como curación". Sabendo isto, a súa música orixinal vaise construír en base a esa premisa, formando os seus proxectos musicais:

Zeltia- IreVire -: é unha formación sinxela, máis acústica, que varía seguindo unha historia en galego e en inglés. Composta por voz/guitarra e bodhran principalmente. Coa sinxeza arredor dos temas do ser humano: amor, soidade fronte a un mundo sen control mais controlado, frustración, loita e coraxe/fe. Xunto con Migui Carballido ao bodhran, gravan un directo no estudio A Ponte en Santiago de Compostela, en novembro de 2018, contando coa parte de composición e voz de Eduardo Apariz, cantante de "Leda Atómica" e Xesús Carballido.



XOANA / 'Dardos'
SÁBADO 01 / 13H / Praza de Cervantes

O proxecto musical de Xoana ten coma principal aliada á lingua galega, promocionando o uso desta coa axuda de ritmos coma o pop, o rock, o jazz, o funky e mesmo o reggae. Dardos é o disco co que acaba de irromper no mundo da música, empregándoo coma un medio de denuncia. Todas as cancións xiran arredos de temas actuais que precisan ser escoitados e que mellor que a música para invitar a realizar cambios!

A diversidade de cancións e estilos está sempre presente nas distintas composicións, polo que o disco goza de riqueza musical e temática.

Son os prexuízos e a ignorancia os que limitan a un idioma, e é ben sabido o sufrimento que estes lle causaron ó longo dos anos á cultura de Galicia; é por iso polo que Xoana se empeña en demostrar a súa valía a través deste disco.





SIRA E O ROBOT / Concerto infantil
DOMINGO 02 / 12.30H / Praza de Cervantes

Sira e o robot. Adventures on Titan é un espectáculo musical e multilingüe baseado no libro-disco do mesmo título editado por Xerais en abril de 2015. Unha maneira lúdica e didáctica de achegarse ao inglés, nun contexto de convivencia lingüística onde tamén se escoita chinés, francés e alemán.

Ao estilo dos musicais clásicos, as cancións vanse sucedendo de maneira espontánea no interior desta aventura espacial chea de humor e misterio dirixida a un público infantil de entre 6 e 12 anos.

Á parte musical do proxecto están:

Mark Alan Wiersma: Vista, California [1976]. Profesor, tradutor e músico. O seu primeiro libro-disco infantil, Goat's Riverboat, foi publicado nos Estados Unidos.

Miguel Mosqueira: Lalín [1982]. Profesor, escritor e músico. Forma parte do grupo musical Ataque Escampe, Premio de Galicia Martín Codax da Música 2014, na categoría de pop.



CHICHARRÓN / 'Cancións clínicas'
DOMINGO 02 / 13H / Praza de Cervantes

Chicharrón crecen en Carballo en 2014.

Alberto M. Vecino conserva dez cancións para Alberto Gende nun péndulo que non debe esvaecerse. Ese mesmo ano publican o seu primeiro disco, 'Chicharrón', no que o amor doe e tamén é salvación. Diego Gende e Rubén Domínguez participan. Mar Catarina, Xurxo Meis e Mara Pérez incorpóranse sucesivamente.

No 2016 publican 'Postal', un álbum cooperativo, luminoso e cálido. Tocan nalgúns escenarios, pero, seis persoas en Galiza é difícil que permanezan estáticas.

No 2017 publican os sinxelos 'Contra Acantilados' con clip de Alfonso Zarauza e 'Na Cela' cun vídeo asinado por Mar Catarina.

2018: Á sombra dun verán demasiado luminoso, 'Cancións clínicas' é unha necesidade íntima. O terceiro disco da banda créase con distancia, mails e encontros furtivos de Alberto, Mara e Rubén. Ibán Pérez remóveo todo no seu estudio e o resultado plásmase en once cortes, escritos en salas de espera de hospitais, construídos en viaxes de ida e volta e, tamén, en noites con moito sono.

ARTELLANDO

NA TARDE



CIRCO NO ATO

//// //// circo contemporáneo

XOVES 30 | PRAZA ROXA | 18.00H



LALI AYGUADÉ

//// //// danza contemporánea

MÉRCORES 29 | PRAZA SAN MARTIÑO PINARIO | 20.30H



SWING NA ASCENCIÓN

//// //// encontro para bailar

VENRES 31 | PRAZA DE CERVANTES | 18.30H

18.30H OBRADOIRO DE SWING

20.30H CONCERTO THE SAR SWING QUARTET



LALI AYGUADÉ / 'Entre dos'

MÉRCORES 29 / 20.30H / Praza San Martiño Pinarío

Créase un obxecto e despois dun tempo degrádase. Unha persoa nace cun corpo flexible e envellece ata perder capacidade de mobilidade. Unha escultura é tamén un corpo humano. Un corpo que ten emocións e que se move .

En 2015, Lali Ayguadé foi convidada pola Fundación Joan Miró en Barcelona para dar vida á súa interpretación da exposición da Fundación "Miró i l'objecte". Como resultado, "Entre dos" guía á audiencia nunha viaxe a través da transformación e a identidade, sendo a danza un dos moitos recursos que utiliza para traducir os seus pensamentos. Interactuando co público e o espacio, "Entre dos" é un testemuño vivo do mesmo proceso creativo dun creador e coidada a descubrir emocións crudas e o virtuosismo do corpo.



CIRCO NO ATO / 'A salto alto'

XOVES 30 / 18H / Praza Roxa

Neste espectáculo abórdase o mal da época: xógase coa posibilidade de que a vida sexa máis xogo e menos destino, camiños, medios, riscos... A Salto Alto - Entre xentilezas e exterminios é o terceiro espectáculo do Circo no Ato, resultado dun proceso de creación dun ano entre a Central do Circo en Barcelona, no Circo Crescer e Viver, e na Escola Nacional de Circo. Coa dirección de Roberto Magro, o espectáculo profana a clásica historia da Cincenta, mestura fantasía e sátira e cuestiona a busca desenfreada de bens materiais.

Sete persoas sen nada no peto, pero con bagaxes cargadas de liberdade, represión, valores, colonización e transgresión, ao ter acceso a outra maneira de vivir íspense das súas experiencias para vivir esoutra realidade. Pero a profundidade delas mesmas permanece, e nesa tensión, entre o ambiente formal e exquisito ao que non pertencen e a irreverencia de quen ten que reinventar e resignificar a vida a cada pouco, sitúase a trama. Profánanse os arquetipos da fábula da Cincenta: fada madriña, madrasta, #medio irmán, príncipe, baile, badaladas de media noite, zapato de cristal... Para representar o consumismo desenfreado desta sociedade e as súas consecuencias, as representacións frívolas das mulleres como obxecto, mais tamén toda a súa independencia e forza.



SWING NA ASCENSIÓN

VENRES 31 / 18.30hH / Praza de Cervantes

Tralo desenvolvemento progresivo que o movemento Swing veu experimentando nos derradeiros anos na nosa cidade, tanto a nivel individual coma colectivo dende a Asociación Compostela Swing, queremos materializalo nun evento que nos permita compartilo de forma xeral coa cidadanía de Compostela.

Na actualidade, a nosa Asociación intenta situarse na cidade, facéndose visible a todas/os as/os que desexan compartir connosco os valores que caracterizan o movemento: inclusión, igualdade, respecto, vida saudable, alegría e fraternidade.

18.30 Obradoiro de swing

20.30 Concerto con The Sar Swing Quartet

ARTELLANDO NA NOITE

CONCERTOS NA PRAZA DO TOURAL



DAVIDE SALVADO
'Amarelo'
MÉRCORES 29 / 23.00H

**GERMÁN DÍAZ E
BENXAMIN OTERO**
'13 cancións bonitas'
XOVES 30 / 23.30H



NAJLA SHAMI
'Ela sabe a sol'
VENRES 31 / 23.00H

DE MAR A MAR
Músicas do
Mediterráneo ao Pacífico
SÁBADO 01 / 23.00H





DAVIDE SALVADO / 'Amarelo'

MÉRCORES 29 / 23H / Praza do Toural

DAVIDE SALVADO é sen dúbida unha das voces máis carismáticas do noso país. De formación autodidacta, leva media vida recorrendo as aldeas na procura de ritmos, coplas e danzas. De todas esas mulleres que se foi atopando, aprendeu non só a tradición na música, se non todo un xeito de vivir. O amor a todas esas prácticas tradicionais e o respecto pola terra, fan do xeito de entender o canto para Davide moito máis que simplemente música. Ao longo destes anos participou como instrumentista e formadora en centenas de oficinas en torno da danza e da música tradicional. Dedicase activamente ao estudo e divulgación do patrimonio musical alentejano, liderando tertulias semanais de Cante na Casa do Alentejo, en Lisboa. É co-autora do libro “Caderno de Danças do Alentejo”, editado pola Associação Pé de Xumbo.

Davide Salvado presenta o seu novo espectáculo, AMARELO. Cancións tradicionais galegas e non só, tamén doutras partes do mundo, reinterpretadas desde a óptica contemporánea que caracteriza a Davide e acompañadas dos textos do escritor, guionista e actor Manolo Cortés.

Para o directo, Davide estará arroupado polo bo facer de dous dos grandes da música galega actual: Pedro Pascual [acordeón distónico, bouzouki e guitarra] e Pablo Pascual [clarinetes].



GERMÁN DÍAZ & BENXAMÍN OTERO
TRECE CANCIÓNS BONITAS

GERMÁN DÍAZ E BENXAMÍN OTERO

'Trece cancións bonitas'

XOVES 30 / 23.30H / Praza do Toural

Benxamín Otero e Germán Díaz, propoñen unha selección de cancións co sinxelo fío argumental de ser, ós seus oídos, bonitas... compositores coma Schubert, Satie, Galliano ou Clastier, cancioneiros coma o de Inzenga ou o de Federico Olmeda, e melodías propioas, compoñen o corpus ecléctico e accidental que conforma este persoal concerto .

Instrumentos coma o óboe e o corno inglés únense ás sonoridades medievais da zanfona e a particulares instrumentos mecánicos come o órgano de barbaria, o aurephone ou a caixa de música programable para os que Otero e Díaz perforan os seus propios cartóns con arranxos actuais para vellas melodías.

BENXAMÍN OTERO

Oboísta dende o 1989, a pesar de ter formación clásica Benxamón Otero non tardou en abrir as posibilidades que lle daba a música a outro terreos, non só musicais senón de outras disciplinas. Mestre de Oboe e Historia da Música no Conservatorio de Lalín, tamén foi durante moitos anos mestre de Linguaxe musical no Conservatorio de música tradicional e folque da mesma vila. Froito do contacto coas músicas tradicionais desemboca en grupos como Curitiba, ou Grodán defló, sendo mem-bro estable na actualidade de Linho do Cuco ou do espectáculo "Método cardiofónico" de Germán Díaz. Ten colaborado con Driade, Os cempés, Marful, Guadi Galego, Uxía, Fuxan os Ventos, Ataque Escampe, Gelría, etc"

GERMÁN DÍAZ

Nace en 1978 en Valladolid, onde realiza estudos de guitarra clásica e Filloxía Clásica na Universidade de Valladolid. Estuda zanfona cos grandes mestres europeos.

Actuou por todo o mundo con numerosas formacións e intérpretes. Pertenceu á mítica Viellistic Orchestra e confundou o Symphonía Quartet, cuarteto ibérico de zanfonas.

En 2004 creou a súa propia discográfica, producións efémeras, xunto a Fernando Fontes.

Colaborou en máis dun centenar de gravacións discográficas e editado numerosas obras como solista, e composto B.S.O. para cinema, teatro e televisión.



NAJLA SHAMI

VENRES 31 / 23H / Praza do Toural

NAJLA SHAMI Cantora e compositora nacida en Compostela, filla de tres culturas: palestina, galega e arxentina, creceu entre Galiza e Kuwait. Interesada pola música desde a infancia, comeza a estudar e cantar con 9 anos, facendo parte de diversos coros polifónicos e formacións de música tradicional galega. Nesa altura crea as súas primeiras cancións, mais é aos 17 anos, idade á que empeza a tocar a guitarra, cando as súas composicións viran máis persoais e a súa voz vese influenciada por estilos coma o jazz, funk e world music.

En 1997 decide estudar música moderna e educación musical aprofundando na técnica vocal e na súa pedagogía, actividade que a levará a países coma Noruega, EUA, Xordania, Kuwait, India, Inglaterra, Portugal e España.

“Ela Sabe A Sol” é o novo traballo discográfico da compositora galego- palestina Najla Shami. Un álbum cheo de luz e feminidade no que a autora equilibra oriente e occidente ao longo dunha dúzia de cancións orixinais.

O traballo nace após dunha estada en Xordania e Palestina onde a compositora conforma música e letra desta nova obra procurando a converxencia dos múltiples elementos sanguíneos e musicais que acompañan o seu imaxinario. Unha nova proposta onde a autora reinventa o seu son da man do produtor e músico Pedro Pascual, acompañada por músicos da Península Ibérica e de Oriente Medio e construíndo con lingua de sol unha ollada sobre o universo do renacemento feminino.



DE MAR A MAR

SÁBADO 01 / 23H / Praza do Toural

Música do Mediterráneo ao Pacífico

É unha viaxe sonora transatlántico a través das raíces populares da canción mediterránea e latinoamericana, co flamenco de ida e volta como pasaporte.

A guitarra flamenca, o laúde árabe, o acordeón, a percusión, o ney e o cante, acompañannos nunha historia de sincretismo que é a da música mesma. Compartiu escenario con Martirio, Bebe, Armando Manzanero, Macaco, Candela Peña, Rosendo, Josemi Carmona, Rosario Flores, Jorge Drexler, Pau Donés, Natalia Lafourcade ou Rozalén. E xirou internacionalmente por Francia, Alemaña, Italia, Suecia, Estados Unidos, India, Perú, Arxentina, Chile, México, Marrocos, Siria, Xordania, Líbano, Grecia, Austria, Hungría, República Checa, Países Baixos, Chequia, Croacia ou Portugal.

Victor Muñiz, Blanca Paloma, Wafir Gibril e Vicente Molino fundan De mar A mar en marzo de 2016.

Da posta en común xorde unha inquietude pola fusión que nos leva a reunir unha selección de temas anónimos ou de autor, populares ou folclóricos, alegres ou melancólicos. Cancións que contan historias de vidas sentidas como berros do corazón, atopando como nexo de unión o mar que baña as culturas do Mediterráneo ao Pacífico.

Actualmente estamos a compoñer temas orixinais: A nena do almendro vello, Van na auga ou Despartir que fusiona os poemas de Álvaro Tato cun tema tradicional sudanés xa poden escoitarse nos nosos concertos e na maqueta que estamos a presentar.

DE MAR A MAR

MÚSICA DEL MEDITERRÁNEO AL PACÍFICO



A FESTA NO TEATRO PRINCIPAL

//// //// //// //// //// //// //// programación familiar

SÁBADO 01 | TEATRO PRINCIPAL

11.30H SESIÓN DE MICROESPECTÁCULOS*

Pérez&Fernández | Yolanda Castaño
Servando Barreiro | Inacio Vilariño

13.00H LYDIA BOTANA 'De aquí para alá'

17.00H SESIÓN DE MICROESPECTÁCULOS*

Anxo Moure | Xarope Tulú
Saleta Fernández | Fani Triana

18.30H CHARO PITA 'No país do vento'

***Para as sesións de microespectáculos é preciso retirar entradas.
Disponibles na taquilla do teatro dende o 21 de maio.**



PÉREZ & FERNÁNDEZ / 'A tortoise, un can, two monsters e un picnic'

Unha sesión de contacontos bilingüe inglés-galego interpretada polos actores Manu Fernández e Victoria Pérez. Un picnic sen comida pero con obxectos que cobrarán vida para axudar ó entendemento das narracións, sinxelas pero cargadas de intención e valores como a empatía, a solidariedade, a fidelidade e o amor.



SERVANDO BARREIRO/ 'Os c@ntos do Bardo Abelardo'

Grazas á música, o bardo Abelardo conseguiu traducir á linguaxe dos humanos os sentimentos dos seres que habitan no fondo das fragas, dos ríos e dos mares. Así coñeceremos a historia de un paxaro que descobre que nas pólas das árbores aníña a palabra paz, de un carballo que naceu na bota de un soldado, de un trasno que anda a deixar lixo polo bosque ou da xacia luviñas, a muller peixe que habita no río miño. Como a súa cabeza está chea de paxaros, voa de vila en vila e de cidade en cidade contando e cantando contos e historias ás nenas e nenos para que cuiden da palabra PAZ.



YOLANDA CASTAÑO / 'Contacontos en verso'

Un lúdico e expresivo contacontos en verso para nenos e nenas baseado nas obras de Yolanda Castaño dirixidas a público infantil. Divirtámonos coas súas rimas!
Yolanda Castaño é poeta, filóloga, videocreadora e unha activa e premiada dinamizadora cultural que dirixe obradoiros literarios, obradoiros internacionais de tradución poética, festivais e ciclos mensuais de poesía sempre con autores/as galegos/as e internacionais. Premio Nacional da Crítica 1999, Premio Espiral Maior 2007, Premio Ojo Crítico 2009, Premio Fundación Novacaixagalicia, Premio Irmandade do Libro "Autora do Ano" 2014 e Finalista do Premio Nacional de Poesía, Yolanda ten publicados 6 poemarios individuais ademais de participar en múltiples antoloxías.




INACIO VILARIÑO / 'Rodari Rodari'

No tranvía Leonardo, Moncho, o encargado do fogón, fálanos do desastroso tranvía a vapor que facía o percorrido de Pontevedra a Marín: Que se era lento, que se era sucio, que se era estreito e descarrilaba... todo eran críticas a un tranvía do que se escribiron tantas páxinas que todas xuntas poderían encher unha biblioteca. Cancións e historias deste tranvía sen esquecer o famoso día en que o premio nóbel Don Jose Echegaray subiu nel.



LYDIA BOTANA / 'De aquí para allá'

Lydia Botana leva toda a vida na música: pedagoga da linguaxe e educación musical, neste seu proxecto persoal pon voz, guitarra, piano e acordeón. Foi parte do conxunto poético-punk-rap Labregos do tempo dos Sputniks, como batería e acordeonista, e produce espectáculos didáctico-musicais para nenos como De aquí para allá [libro-disco con Edicións do Cumio] co cal através de historias e música viaxaremos arredor do mundo aprendendo, escoitando, bailando e cantando as músicas de cada lugar, e cos instrumentos típicos de cada país. A ritmo de bossa-nova, rapa, son cubano, reggae, ska..., faremos unha viaxe arredor do mundo na que pasaremos polo Brasil, Cuba, Xamaica, os Balcáns, Estados Unidos ou Galicia, entre outros lugares máxicos.. Pasou por festivais coma o Busker's Festival Barcelona, Foundation Reggae Festival, Reperkusión, Castañazo Rock, Brincadeira... E colabora con La Pegatina, Xurxo Souto, Gogol Bordello, Manu Chao... Actualmente está a presentar o seu primeiro disco LP, Vuelo [Kasba Music, 2017], cunha xira pola Península, Italia, e máis alá, chegando ao Xapón, e para o 2018 estará de novo dispoñible para contratación.



ANXO MOURE / 'Cóntame un cine'

Diante do absoluto descoñecemento por parte da infancia da historia do cine e da súa vinculación ao coidado da terra, facemos unha proposta lúdico-pedagóxica baseada nunha viaxe a través da historia do cinema vinculando especial ao cinema ambientalistas e ao cinema galego.

O obxectivo é sensibilizar e divertir, mergullar no apaixonante mundo do cine a través dunha viaxe na historia na que as nenas e nenos viaxan nas locomotoras de Buster Keaton e dos Irmanas Lumiere, nos cabaliños dos indios, nas cartas de Mamasunción... [homenaxe a muller no cine]



XARPE TULÚ / 'A miña primeira viaxe'

Esta peza conta a historia do comezo, do nacemento da vida. Un neno ou nena viaxa dentro da súa cápsula por un universo descoñecido. Non sabe cara onde vai, nin quen é. Pero non ten medo se sinte o TUM-TUM dos motores.

Unha actriz conta e canta un relato de procura da propia identidade mentres un músico dialoga coa linguaxe onírica do propio relato.



SALETA FERNÁNDEZ / 'Pan con chocolate'

Eva é a rapaza protagonista desta historia. Unha marabillosa aventura xurdida do maxín de María Victoria Moreno. Un conto no que se amosan as cousas tal e como son, sen filtros, a través da mirada sincera dunha nena.



FANI TRIANA / 'Ilusionista'

Fani Triana achéganos unha viaxe fabulosa a través dos sentidos: obxectos que cobran vida, papeis e moito máis, xeran a trama dun acto cheo de gags visuais, diálogos apegados ó sorriso e prestidixitacións sorprendentes. Aderezado todo cun guión cargado de situacións inesperadas, orixínase unha montaña de sorpresas imprevisibles, nun espectáculo para ollar e degustar.



CHARO PITA / 'No país do vento'

No País do Vento, nada queda quieto: os pés bailan, as saias xiran, as xentes brincan e moitas melodías e algunhas pequenas historias van buscando orellas que escoiten e labios que as cantaruxen para seguir vivas ao lombo das brisas e dos furacáns.

Moitos son os personaxes que habitan este país de asubíos e airexas: unha científica incorruxible e algo poeta que chegou a explorar o País do vento; noivas, donas, magas bruxas e tolas, mulleres magníficas todas, que bailan unha canción tradicional deste país de brisas; unha familia de papaventos que é feliz buscando países imaxinarios que visitar; un corazón que viaxa nunha cáscara de noz; unha xirafa que quería ser araña e unha araña que quería ser xirafa; o Pato Simón; unhas pitas refuxiadas, un reloxo que no canto de dar horas, dá risa ...

E así, con moitas ganas de bailar e de gozar, vaise esgallando aos pouquiños este espectáculo.

A stylized sunburst logo in the top left corner, consisting of several golden-yellow rays emanating from a central square. The square is filled with a pattern of black diagonal lines.

ARTELLANDO

A diagonal band of yellow and black hazard stripes runs from the top left towards the bottom right, separating the white background from the black background.